

PROCESOS SELECTIVOS LEI 20/2021 REUNIÓN COA XERENCIA DA FUNGA

Santiago de Compostela 14/12/2022

Convocados pola Dirección da FUNGA mantivemos onte reunión para tratar o proxecto borrador dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021.

Segundo se nos transmite, a Dirección Xeral da Función Pública remitiu o pasado venres un borrador de bases co fin de acadar, coa representación do persoal traballador, un **acordo sobre as bases dos procesos** a presentar, para a súa revisión e aprobación por Función Pública.

Logo da exposición por parte da Dirección, **UGT formulou algunhas controversias do texto** borrador proposto, que esperamos sexan tidas en consideración, por entender que son erros, cuestións de forma subsanables.

UGT manifestou que o **borrador** proposto **so se refire** ao proceso selectivo polo **procedemento de concurso** de méritos, faltando o correspondente ás prazas que deben ser convocadas mediante o procedemento de concurso-oposición. Alegan que Función Pública so remitiu as bases do proceso de concurso.

Dentro deste proceso e en atención a que de conformidade cos parámetros aprobados en Comisión de Persoal para toda a Administración Autonómica, **existen uns contidos de carácter fixo e inamovible e os correspondentes aos “outros méritos”, que son “modulables”** en atención aos condicionantes específicos dos Entes Instrumentais convocantes,

UGT CONSIDERA:

Que é **probable e posible realizar unha ponderación de puntuación mensual que permita acadar o máximo da puntuación**, en **experiencia profesional**, que sexa coherente coa creación e posta en funcionamento da FUNGA, polo tanto deberíase poder adaptar a puntuación ata que se permita acadar o **máximo dos 70 puntos** a aquelas persoas traballadoras que están dende o inicio da posta en marcha do Ente Instrumental.

Ao respecto da **acreditación do galego**, **UGT entende que o Ente ten capacidade de desenvolvemento da proba preceptiva** a aquel persoal que careza do requisito, propoñendo un exame ao igual que con carácter xeral se realiza na Administración Xeral, de tradución de texto de galego a castelán e castelán a galego. A resposta foi de aceptación da proposta.

Sobre a formación, considerando que como Ente que non tivo acceso á formación EGAP, **UGT apoia a valoración de actividades formativas relacionadas cos contidos das categorías obxecto de estabilización**, propoñendo **dous grandes grupos**, por un lado as de **contidos xenéricos** e por outro lado as de **contidos directamente relacionados coas competencias, funcións e tarefas** dos postos de traballo. Estas accións formativas **deberán compensar os 7,5 puntos** que non son posibles de acreditar, por **carecer a FUNGA de procesos selectivos para a adquisición da condición de persoal fixo**.

Seguiremos informando unha vez teñamos toda a información das bases de ambos procesos, para que fagades as **achegas que consideredes oportunas a través da vosa delegada**.

